



XUNTA DE GALICIA

**VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA**



**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CRTVG, S.A E A CONSELLERÍA
DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
DA XUNTA DE GALICIA
MEMORIA XUSTIFICATIVA**

O director xeral da CRTVG, Alfonso Sánchez Izquierdo, **DECLARA:**

Que a Corporación Radio e Televisión de Galicia ten previsto formalizar coa Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue desde a data da súa sinatura ata o 30 de decembro de 2017.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

establecer as bases polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística, e a CRTVG para o desenvolvemento da Gala de Entrega dos Premios aRi(t)mar.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

O presente convenio ten por obxecto divulgar a música e a poesía galego-portuguesa actuais e achegar as culturas e as linguas de Galicia e da República de Portugal no marco do desenvolvemento da Lei Valentín Paz Andrade para o aproveitamento do ensino do portugués e vínculos coa lusofonía.



Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela a 19 de xullo de 2017.